



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
JGL/2025/3	La Junta de Gobierno Local
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «SOLICITAR AXUDA PLAN CONCERTADO»

Data:

27 de marzo de 2025

Duración:

Desde las 12:30 hasta las 12:45

Lugar:

Despacho da Alcaldía

Presidida por:

JAVIER HUERTAS OTERO

Secretario:

ANA BARREIRO GOMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	NON

Escusas de asistencia presentadas:

1. ROCIO

LOPEZ

GARCIA:

«BAIXA POR MATERNIDADE»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión do 05/02/2025

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data 05/02/2025 e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

SOLICITUDE NOVA DE PLAN CONCERTADO DO 2025

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU:

1. Aprobar a solicitude do Plan Concertado para a anualidade 2025 en base ao informe técnico e resto de documentación obrante no expediente 113/2025:

PROXECTO ANUAL DE SS.SS COMUNITARIOS 2025	ORZAMENTO CONCELLO		ORZAMENT O SS.SS	
	2.221.466,06 €		600.070,98€	
	APORTACION CONCELLO	CANTIDAD SOLICITADA XUNTA	REMANENTE	PRESUPUESTO TOTAL
TRABALLADORA SOCIAL (2)	51.070,80	16815	8407,5	76.293.3
EDUCADOR FAMILIAR	25.677,68	0	0	25.677,68
TOTAL PERSOAL	76.748,48	16815	8407.5	101.970,98
MANTEMENTO	120	480	0	600
SAF PRESTACION BASICA	30.000,00	0	0	30.000,00
SAF DEPENDENCIA	74.600,00	230.400,00	0	305.000,00
TOTAL SAF	104.600,00	230400,00	0	335.000,00
CENTRO SOCIAL TORREON	6.000,00	0	0	6.000,00
CENTRO DIA LOURENZA	22.000,00	0	0	22.000,00
XANTAR NA CASA	2.500,00	0	0	2.500,00
PUNTO ATENCION INFANCIA	123,315,84	8.684,16	0	132.000,00
TOTAL PROGRAMAS	153.815,84	8.684,16	0	162.500,00
TOTAL	335.284,32	256.379,16	8.407,50	600.070,98

2. Dar traslado aos servizos técnicos para a continuación da tramitación do expediente 113/2025 de solicitude do Plan Concertado para a anualidade 2025.





Concello de Lourenzá

Expediente 246/2024. VI Certame de Teatro Afeccionado (Concello de Lourenza)

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU:

"Vista a acta do xurado calificador dos premios do VI Certame de Teatro Afeccionado Concello de Lourenzá 2024 de data 11 de decembro de 2024 presidido polo concelleiro de Cultura, D. Manuel Arango Ron, e formado por D^a Josefa González Iglesias, D^a Lorena Piñeiro Seijo, D^a Mercedes Fernández Docampo, D^a María Cruz Valea López, D. Javier Huertas Otero e actuando como secretaria do xurado D^a María José López Noceda, resultou gañador na categoría mellor representación o grupo de teatro Ollomao de Barreiros coa obra titulada "o traballo de Andrea" pertencente á Asociación Colectivo Cultural Ollomao con CIF:G27365477, con enderezo en Torre n.º 1- Santiago de Reinante- 27794 Barreiros, o cal e como se recolle na cláusula n.º 9 das bases do VI Certame de Teatro Afeccionado Concello de Lourenzá, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 8/7/2024, recibe un premio en metálico de setecentos cincuenta euros (750,00 €).

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, **ACORDA:**

Proceder ao abono de setecentos cincuenta euros (750,00 €) ó grupo de teatro Ollomao de Barreiros pertencente á Asociación Colectivo Cultural Ollomao, premiado no VI Certame de Teatro Afeccionado Concello de Lourenzá 2024."

Ratificación das Resolucións da Alcaldía dende a última Xunta de goberno Local extraordinaria de data 11/03/2025

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar as Resolucións da Alcaldía que se transcriben:

a)

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e vista a Resolución





Concello de Lourenzá

do 10 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais, en réxime de concorrência non competitiva, destinadas á realización de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2025,

VEN A RESOLVER:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e solicitar subvención a Augas de Galicia ao abeiro da Resolución do 10 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais, en réxime de concorrência non competitiva, destinadas á realización de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2025, para a elaboración da “AUDITORIA MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA”, unha subvención por importe de OITO MIL CENTO NOVENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (8.198,96) EUROS, o que supón o 80% do presuposto total presentado que ascende á cantidade de DEZ MIL DOUSCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (10.248,70) EUROS, IVE INCLUÍDO, desglosado do seguinte xeito:





Concello de Lourenzá

C D	CONCEPTO	MEDICIÓN	PRECIO UD	IMPORTE TOTAL
1	MEMORIA DETALLADA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO	1	1.520,00 €	1.520,00 €
2	DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DO SISTEMA DE ABEASTECIMENTO	1	1.250,00 €	1.250,00 €
3	DATOS DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE AUGAS	1	1.200,00 €	1.200,00 €
4	BALANCE HÍDRICO DE TODO O SISTEMA DE ABASTECIMENTO	1	1.000,00 €	1.000,00 €
5	ELABORACIÓN DE UN PLAN DE ACTUACIÓNS E PROPOSTA DO MESMO Ó CONCELLO PARA A SÚA APROBACIÓN	1	3.500,00 €	3.500,00 €

IMPORTE EXECUCIÓN MATERIAL	8.740,00 €
21% IVE	1.778,70 €
IMPORTE TOTAL DO PRESUPOSTO	10.248,70 €

SEGUNDO.- Incluir na solicitude de subvención os gastos correspondentes ao IVE posto que, de conformidade co disposto no artigo 4.2) da Resolución ao abeiro da que se solicita a subvención, este Concello, como beneficiario, abónao directamente e non é susceptible de recuperación dacordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro do imposto sobre o valor engadido.

TERCEIRO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada Orde, comprometéndose, no caso de que se conceda a subvención, a achega municipal da parte non subvencionable, con cargo aos presupostos municipais do presente exercicio.

CUARTO.- Ratificar esta resolución na próxima Xunta de Goberno Local.

Mándao e asíno en Lourenzá, a Alcaldesa, Dona Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ao Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo)."

b)





Concello de Lourenzá

“RESOLUCIÓN ALCALDÍA

D^a. Rocío López García, Alcaldesa – Presidenta do concello de Lourenzá,

Vista a solicitude de devolución de garantía definitiva presentada por Construcciones Isidro Otero S.L. CIF: B-27250182 con data 17/3/2025 das obras do “mantenimiento y mejora de accesos en Pousada”; “mantenimiento y mejora de accesos a Oural”; “mantenimiento y mejora de accesos a Lavandeira y a O Batán -Murias “

Visto o informe favorable para a súa devolución emitido polo director das obras , D. José Enrique Cacicedo Herrero en data 13 de marzo de 2025

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e aprobar a devolución da garantía definitiva ,Aval bancario de ABANCA con número de rexistro no Rexistro especial de avales n.º677903 por importe de 2.973,52 € e de data 7/9/2022 á empresa adxudicataria do citado contrato de obras Construcciones Isidro Otero S.L. con CIF: B-27250182 e na súa representación Isidro Otero Bello con DNI 33304681Z.

SEGUNDO.- Ratificar a presente Resolución na próxima Xunta de Goberno que se leve a cabo.

Mandao e asíno en Lourenzá, a Alcaldesa, D^a. Rocío López García . Pola Secretaría tómake razón para a súa transcripción ao Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art.3.2, RD 128/2018 de 16 de marzo).

Documento asinado electrónicamente á marxe.”

c)

“RESOLUCIÓN ALCALDÍA

D^a. Rocío López García, Alcaldesa – Presidenta do concello de Lourenzá,

Vista a solicitude de devolución de garantía definitiva presentada por Construcciones Isidro Otero S.L. CIF: B-27250182 con data 30/1/2025 das obras do “Plan de adaptación e supresión de barreiras . Adaptación de pasos de peóns en Vilanova de Lourenzá”





Concello de Lourenzá

Visto o informe favorable para a súa devolución emitido pola directora das obras , a arquitecta municipal D^a Marta Sánchez Seivane de data 27 de febreiro de 2025 .

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e aprobar a devolución da garantía definitiva ,Aval bancario de ABANCA con número de rexistro no Rexistro especial de avales n.º 680487 por importe de 1.786,00 € e de data 29/12/2022 á empresa adxudicataria do citado contrato de obras Construcciones Isidro Otero S.L. con CIF: B-27250182 e na súa representación Isidro Otero Bello con DNI 33304681Z.

SEGUNDO.- Ratificar a presente Resolución na próxima Xunta de Goberno que se leve a cabo.

Mandao e asíno en Lourenzá, a Alcaldesa, D^a. Rocío López García . Pola Secretaría tómake razón para a súa transcripción ao Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art.3.2, RD 128/2018 de 16 de marzo).

Documento asinado electrónicamente á marxe.”

d)

”RESOLUCIÓN ALCALDÍA

D^o. JAVIER HUERTAS OTERO, ALCALDE EN FUNCIONS DO CONCELLO DE LOURENZÁ (LUGO),

Visto o contido do Convenio asinado entre a Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática (vespa velutina), sendo as cláusulas do mesmos as que a continuación se transcriben literalmente:

“CLÁUSULAS.

Capítulo Primeiro.- Disposicións Xerais.

Primeira.- Obxecto do Convenio.

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á





Concello de Lourenzá

execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2025 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos. Este convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

Segunda.- Ámbito de aplicación subxectivo.

O presente convenio é de aplicación para a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e para a toda a Administración local de Galicia, incluíndo as Entidades Locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Terceira.- Adhesión ao convenio.

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral de todas as entidades locais galegas, que manifestaron a súa vontade de manterse adheridas no ano 2025, coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da Vespa velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola, tendo tamén repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá. Todas entidades locais galegas, que se relacionan no Anexo I, deberán formalizar a súa adhesión mediante a cobertura do protocolo do Anexo II no prazo máximo dun mes dende a sinatura do presente convenio de colaboración.

Cuarta.- Modificación do Convenio.

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e da Fegamp..

Quinta.- Duración do Convenio.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro do 2025, sen prexuízo de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia mediante a correspondente addenda.

Sexta.- Resolución do Convenio.

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez. Así mesmo, as partes





Concello de Lourenzá

poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

Capítulo Segundo.-Obrigas de Comunidade Autónoma de Galicia.

Sétima.- Coordinar a execución do programa.

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de Vespa Velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:

1.- Potenciar o portal de internet “Eido local”(www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas Entidades Locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa Velutina.

2.-Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás Entidades Locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa Velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.

3.-Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de Vespa Velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avessa asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:

- *Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificación de avistamento de niños de Vespa Velutina recibidos e rexistrados a través da aplicación <https://www.controlvelutina.es/> mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración deste e organización para a súa retirada.*
- *Eliminación/neutralización de niños activos de avessa asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.*

Neste tempo de resolución non contabilizarán cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada de niños tales como as situadas en espazos no que a aplicación de insecticida de niños supoña un risco de explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso





Concello de Lourenzá

realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacías de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.

- *Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán con fin de evitar réplicas de avisos.*

Capítulo Terceiro.-Obrigas das Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia que se adhiran.

Oitava.- Facilitar a execución do programa.

Con carácter xeral, coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, as Entidades Locais de Galicia adheridas ao presente convenio, comprométense a:

- *Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións da retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retiradas e eliminación de niños de Vespa Velutina a requirimento da Xunta de Galicia ou por propia iniciativa.*
- *Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa Velutina da Xunta de Galicia.*

Capítulo Cuarto.- Obrigas da FEGAMP.

Novena.- Informar para facilitar a execución do programa.

Coordinarse coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e con todos os concellos de Galicia para impulsar, promover e difundir a información relativa ao programa de vilixancia e control da Vespa Velutina da Xunta de Galicia.

Capítulo Quinto.- Seguimento do Convenio. Décima.- Seguimento da execución do Convenio.

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta que estará integrada por dous representantes da Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes, un dos cales actuará como presidente e outros dous en representación da FEGAMP.





Concello de Lourenzá

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- *a observación da implantación e efectiva aplicación deste.*
- *a solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.*
- *a coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.*
- *as propostas de modificación do presente convenio.*
- *a elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.*

Capítulo Sexto.-Financiamento. Décimo primeira.-Financiamento.

A Administración da comunidade autónoma de Galicia e as Entidades Locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á posta en marcha e desenvolvemento do programa para a retirada e eliminación dos niños de Vespa Velutina en todo o territorio galego mediante a realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio que en cada caso serán de conta da administración que as realice.

Capítulo Sétimo.- Resolución de Conflitos.

Décimo segunda.- Natureza do convenio e discrepancias.

O presente convenio ten natureza administrativa. En especial, o Convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local (artigos 61 a 71) e ao resto da normativa que resulte aplicable. As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de seguimento prevista na cláusula décimo do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo terceira.- Protección de datos de carácter persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á





Concello de Lourenzá

protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo cuarta.-Publicidade.

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006 do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Concello de Lourenzá Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 a 45 da Lei 7/2005 do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes das Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.”

Así, esta Alcaldía, coñecido o contido do citado convenio, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Manifestar a vontade do Concello de LOURENZÁ de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do citado convenio, asumindo as obriga e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

SEGUNDO.- Ratificar este acordo pola Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asíno en Lourenzá, o Alcalde en funcións, D^o Javier Huertas Otero. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ao Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).

Documento asinado electronicamente á marxe.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 5NRRW9ZY7ZLRT9YC74Y329SMW
Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12

